

Educación Secundaria Obligatoria para persoas  
adultas

# **ÁMBITO DE COMUNICACIÓN**

PROGRAMACIÓN 2021-2022

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	4
2. CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	5
3. PLAN DE CONTINXENCIA .....	6
4. OBXECTIVOS XERAIS .....	6
5. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN .....	7
5.1. Lingua galega e literatura; lingua castelá e literatura.....	7
5.1.1. Módulo 1 (primeiro cuadrimestre) .....	7
5.1.2. Módulo 2 (segundo cuadrimestre).....	7
5.1.3. Módulo 3 (primeiro cuadrimestre) .....	7
5.1.3.1. Temporalización e secuenciación .....	7
5.1.4. Módulo 4 (segundo cuadrimestre).....	9
5.1.4.1. Temporalización e secuenciación .....	9
5.2. Lingua estranxeira .....	10
5.2.1. Módulo 1 (primeiro cuadrimestre) .....	10
5.2.2. Módulo 2 (segundo cuadrimestre).....	10
5.2.3. Módulo 3 (primeiro cuadrimestre) .....	10
5.2.4. Módulo 4 (segundo cuadrimestre).....	10
6. MÍNIMOS ESIXIBLES .....	10
6.1. Módulo 1.....	10
6.2. Módulo 2.....	11
6.3. Módulo 3.....	12
6.4. Módulo 4.....	13
7. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN .....	14
A) Ensino presencial .....	15
MÓDULOS 1 e 2. LINGUA GALEGA, CASTELÁ E INGLESA .....	15
MÓDULOS 3 e 4. LINGUA GALEGA E CASTELÁ .....	15
MÓDULOS 3 e 4. LINGUA INGLESA .....	17
B) Ensino semipresencial .....	18
C) Ensino non presencial.....	18
LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ .....	18
LINGUA INGLESA.....	18
8. METODOLOXÍA .....	19
9. MATERIAIS CURRICULARES .....	20
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ACTIVIDADES DE REFORZO .....	20
11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....	20

11.1. Obxectivos .....	20
11.2. Contidos .....	21
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	22
13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN .....	22
13.1 INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	22

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A inclusión das materias de Lingua galega, Lingua castelá e primeira Lingua estranxeira nun só ámbito de estudo constitúe unha proposta integradora que debe posibilitar o desenvolvemento integral do alumnado en todo o relacionado coas destrezas básicas (ler, comprender, falar e escribir) de cada idioma. Porén, cómpre termos en conta que os obxectivos no caso das dúas linguas oficiais na nosa comunidade han ser forzosamente máis ambiciosos que no que se refire á lingua estranxeira, tentando acadar unha competencia plena en galego e castelán e un nivel comunicativo básico para situacións e contextos cotiáns no referente á lingua estranxeira.

Así se contempla na Orde do 20 de marzo de 2018 (DOG do 12 de abril) pola que se regula a educación básica para as persoas adultas, cando se afirma que “a organización do currículo en ámbitos integrados e estrutura modular considérase a máis axeitada ás características e posibilidades das persoas adultas, por ser flexible e aberta, favorecer o acceso ás diferentes etapas do sistema educativo e respectar o seu estilo e ritmo de aprendizaxe”.

Xa que logo, os obxectivos do ámbito de comunicación só se poden acadar desde a perspectiva dese enfoque integrador das linguas. Existe unha serie de aprendizaxes que son transferibles entre as materias que conforman o ámbito, como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas de tipo lingüístico. Convén recalcar, de calquera xeito, que partir dunha organización integradora e converxente das materias neste ámbito de comunicación non significa esquecer a existencia de aspectos específicos de cada unha das materias integradas no ámbito, sen perder nunca de vista o obxectivo de conseguir unha mesma competencia lingüística do alumnado na lingua galega e na lingua castelá.

É máis, esta integración das materias lingüísticas no ámbito faise necesaria especialmente no caso da aprendizaxe de persoas adultas se temos en conta que os coñecementos iniciais na primeira lingua funcionan como preconceptos na aprendizaxe das segundas, e que as operacións cognitivas que facilitan o descubrimento e o desenvolvemento lingüístico son comúns en todas elas, polo que se poden e se deben desenvolver ao mesmo tempo nos diferentes momentos do ensino para obter un efecto de reforzo.

No que se refire ás características concretas do noso alumnado, cómpre considerar certas peculiaridades que van configurar a situación de partida canto á aprendizaxe das linguas. O feito de convivir distintas xeracións traerá consigo un diferente grao de dificultade no proceso de abstracción de conceptos, recentes para algúns e afastados para outros. Asemade, a diversidade de hábitos lingüísticos iniciais (galego nuns casos e castelán noutros) configurará tamén a perspectiva na adquisición de coñecementos.

Neste senso, é preciso salientar que o noso instituto se sitúa como a referencia no ensino de adultos dunha ampla zona (a bisbarra do Condado e da Paradanta) e que a procedencia, rural (maioritaria) ou urbana, do alumnado constitúe o factor fundamental da súa escolla idiomática. Con todo, a repartición no emprego habitual do galego ou do castelán entre os nosos alumnos vén sendo dun 50% para cada idioma. Así mesmo, pódense constatar grandes diferenzas no referido ao coñecemento da lingua estranxeira, onde a idade xoga un papel fundamental.

En resumo, a distribución xeográfica e mais a idade definen a diversidade académica dos nosos alumnos.

## 2. CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As achegas do ámbito da comunicación á adquisición das competencias clave da aprendizaxe son as que seguen:

- *Comunicación lingüística (CCL)*. A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e co contexto comunicativos.
- *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)*. A linguaxe é, así mesmo, a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.
- *Competencia dixital (CD)*. A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.
- *Competencia de aprender a aprender (CAA)*. O ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado. Amais, potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma, eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionarios, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.
- *Competencias sociais e cívicas (CCSC)*. Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.
- *Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*. Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio. Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.
- *Competencia da conciencia e expresións culturais (CCEC)*. O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade, así como a erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

O tratamento dos contidos que integran o ámbito de comunicación ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten con estas competencias clave.

### 3. PLAN DE CONTINXENCIA

En caso de atoparnos en circunstancias excepcionais que obriguen ao peche do instituto, ou ben no caso de docencia híbrida (presencial e a distancia), a presente programación, é dicir, as metodoloxías, contidos, avaliación, etc., mantéñense, coa salvidade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Consellería de Educación e mais o propio IES Val do Tea (aula virtual, correo electrónico e plataformas de videoconferencia).

Con todo, poderá variar a concreción do sistema de avaliación en función da modalidade de docencia e do nivel educativo.

### 4. OBXECTIVOS XERAIS

A educación básica para persoas adultas oriéntase a desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Formarse unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.
- b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- f) Desenvolver e consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes nas que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratala de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.

- k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
- l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.
- n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.
- o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.
- p) Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coa capacidade de afrontar e solucionar problemas.

## 5. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN

Os contidos móstranse relacionados cos obxectivos, as competencias e os criterios de avaliación, dado que estes describen o que se pretende lograr e aqueles non son máis ca medios para acadalos e contribuír á adquisición das competencias. Pola súa banda, os estándares de aprendizaxe son unicamente especificacións dos criterios, isto é, concretan o que o alumnado debe saber comprender e saber facer ao longo do curso.

### 5.1. Lingua galega e literatura; lingua castelá e literatura

#### 5.1.1. Módulo 1 (primeiro cuadrimestre)

Consúltese a [Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia](#) (p. 19961 e seguintes)

#### 5.1.2. Módulo 2 (segundo cuadrimestre)

Consúltese a [Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia](#) (p. 19969 e seguintes)

#### 5.1.3. Módulo 3 (primeiro cuadrimestre)

Consúltese a [Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia](#) (p. 19979 e seguintes)

##### 5.1.3.1. Temporalización e secuenciación

Este módulo impartirase entre os meses de setembro e febreiro. O primeiro trimestre abranguerá ata o 23 de novembro e o segundo trimestre comprenderá desde o mes de novembro ata o mes de febreiro.

Velaquí a relación de contidos que se verá en cada un deles:

**1º trimestre (23 de setembro – 23 de novembro):**

B1.5. Construción de textos expositivos e argumentativos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados.

B1.7. Participación activa e argumentada en debates nos cales se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B2.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.

B2.4. Produción de textos expositivos e argumentativos a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.

B2.8 Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

B2.9. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.

B3.1. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.

B3.1. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.

B3.1.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.

B3.4. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.

B3.6. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes.

B3.9. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos diferentes conectores textuais.

B4.1. A orixe e formación da lingua galega.

B4.4. Prexuízos lingüísticos.

**2º trimestre (24 de novembro-2 de febreiro):**

B1.2. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto.

B1.4. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público.

B1.6. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.

B1.8. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.

B2.1. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

B2.2. Análise de textos literarios, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

B3.3. Análise e uso reflexivo da acentuación, especialmente a diacrítica.

B3.5. Recoñecemento da estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.

B3.7. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes.

B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.

B4.2. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916 e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

B4.3. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.

B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.

B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.

B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.

#### 5.1.4. Módulo 4 (segundo cuadrimestre)

Consúltese a [Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia](#) (p. 19985 e seguintes)

##### 5.1.4.1. Temporalización e secuenciación

O módulo 4 impartirase desde a primeira semana de febreiro ata o 7 de xuño e, á súa vez, dividirase en dous trimestres. A seguir, indicamos os contidos que serán impartidos en cada avaliación:

#### **1ª avaliación ( 3 de febreiro- 6 de abril)**

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.

B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. Recoñecemento das interferencias máis habituais.

B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.

B3.2. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.

B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.

B3.6. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.

#### **2ª avaliación (6 de abril – 7 de xuño)**

B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.

B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.

B3.8. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e o vínculo e progresión temáticos en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.

B3.9. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.

B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

B5.2. Lectura autónoma e comentario pautado de obras representativas das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.

## 5.2. Lingua estranxeira

### 5.2.1. Módulo 1 (primeiro cuadrimestre)

Consúltese a [Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia](#) (p. 19992 e seguintes)

### 5.2.2. Módulo 2 (segundo cuadrimestre)

Consúltese a [Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia](#) (p. 20004 e seguintes)

### 5.2.3. Módulo 3 (primeiro cuadrimestre)

Consúltese a [Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia](#) (p. 20014 e seguintes)

### 5.2.4. Módulo 4 (segundo cuadrimestre)

Consúltese a [Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia](#) (p. 20027 e seguintes)

## 6. MÍNIMOS ESIXIBLES

### 6.1. Módulo 1

- Comprende textos orais e escritos dos medios de comunicación, de situacións da vida cotiá e do ámbito académico. **B1.1 /B2.1**
- Aмосa unha actitude positiva e activa respecto ao uso da lingua galega de xeito oral e escrito. **B1.9/B2.17**
- Identifica e discrimina as ideas principais e secundarias nun texto escrito. **B2.6**

- Coñece e usa a puntuación e as normas básicas de ortografía. **B3.5/B3.6**
- Recoñece as distintas categorías gramaticais. **B3.9**
- Recoñece as funcións sintácticas de suxeito e predicado. **B3.10**
- Domina o vocabulario de uso frecuente referido a obxectos da contorna inmediata, situacións, actividades cotiás e necesidades básicas. **B3.12**
- Coñece as linguas que se falan en España. **B4.3**
- Le de xeito autónomo (fóra da aula), como mínimo, un libro (adequado aos seus intereses) en lingua galega e outro en lingua castelá. **B5.1**
- Coñece e identifica os grandes xéneros literarios. **B5.5**
- Na **lingua estranxeira**, comprende de xeito xeral textos sinxelos que fagan referencia ás funcións comunicativas básicas (saúdos, presentacións, desculpas, invitacións...) **B1.3/B3.3**
- Na **lingua estranxeira**, identifica e usa expresións sinxelas que fagan referencia ás funcións comunicativas básicas (saúdos, presentacións, desculpas, invitacións...) **B4.3**
- Na **lingua estranxeira**, produce mensaxes orais breves e sinxelas que fagan referencia ás funcións comunicativas básicas (saúdos, presentacións, desculpas, invitacións...) cunha pronuncia que non dificulte a comunicación. **B2.3**

## 6.2. Módulo 2

- Amosa unha actitude positiva e activa respecto ao uso das linguas galega e castelá de xeito oral e escrito. **B1.12/B2.14**
- Comprende, interpreta e resume textos descritivos, xornalísticos e dialogados. **B2.1/B2.2/B2.3**
- Recoñece, explica e usa as seguintes categorías gramaticais: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción. **B3.6**
- Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas. **B3.3**
- Comprende e utiliza as regras de concordancia, identificando as funcións sintácticas de suxeito e predicado. **B3.7**
- Recoñece, explica e usa un vocabulario amplo e preciso a partir de campos semánticos traballados na aula. **B3.8**
- Coñece e valora a realidade plurilingüe de España, identificando os idiomas xeograficamente. **B4.1**
- Le de xeito autónomo (fóra da aula), como mínimo, un libro (adequado aos seus intereses) en lingua galega e outro en lingua castelá. **B5.1**
- Coñece, compara e diferencia os principais xéneros e subxéneros literarios. **B5.2/B5.7**
- Na **lingua estranxeira**, comprende de xeito xeral textos sinxelos que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais básicas; descrición básica de obxectos, persoas e situacións; expresión básica de sentimentos. **B1.3/B3.3**

- Na **lingua estranxeira**, produce mensaxes orais breves e sinxelas que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais básicas; descrición básica de obxectos, persoas e situacións; expresión básica de sentimentos. **B2.3**
- Na **lingua estranxeira**, identifica e usa de xeito escrito expresións sinxelas que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais básicas; descrición básica de obxectos, persoas e situacións; expresión básica de sentimentos. **B4.3**

### 6.3. Módulo 3

- Diferencia os textos literarios dos que non o son; e identifica os textos pertencentes aos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. **B2.1**
- Comprende, interpreta e valora textos expositivos e argumentativos, identificando as ideas principais e secundarias. **B2.3**
- Planifica, produce e revisa textos adecuados, coherentes e cohesionados, respectando as normas morfolóxicas, ortográficas e tipolóxicas. **B2.8**
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. **B3.1**
- Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e sintáctica. **B3.2**
- Analiza e usa de xeito reflexivo a acentuación, especialmente a diacrítica. **B3.3**
- Recoñece e identifica as categorías gramaticais. **B3.4**
- Recoñece a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos, así como a súa caracterización morfolóxica. **B3.5**
- Recoñece e identifica os trazos característicos dos determinantes, explicando os seus usos e valores. **B3.6**
- Recoñece e identifica os trazos característicos dos pronomes, explicando os seus usos e valores. **B3.7**
- Recoñece e identifica os trazos característicos dos adverbios, explicando os seus usos e valores. **B3.8**
- Identifica e usa distintos tipos de conectores textuais. **B3.9**
- Identifica e explica as relacións semánticas de sinonimia e antonimia. **B3.10**
- Coñece e describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España; e, en especial, a lexislación que regula a utilización do galego. **B4.3**
- Identifica os distintos períodos das literaturas galega e castelá, sinalando os seus trazos característicos, dende as súas orixes ata o século XX. **B5.1**
- Le de xeito autónomo (fóra da aula), como mínimo, un libro (adequado aos seus intereses) en lingua galega e outro en lingua castelá. **B5.3**
- Na **lingua estranxeira**, comprende de xeito xeral textos sinxelos que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais; descrición de calidades físicas e abstractas; petición e ofrecemento de información; expresión da certeza, a dúbida, a vontade e o interese; formulación suxestións e desexos. **B1.3/B3.3**

- Na **lingua estranxeira**, produce mensaxes orais breves e sinxelas que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais; descrición de calidades físicas e abstractas; petición e ofrecemento de información; expresión da certeza, a dúbida, a vontade e o interese; formulación de suxestións e desexos. **B2.3**
- Na **lingua estranxeira**, produce textos escritos breves e sinxelos que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais; descrición de calidades físicas e abstractas; petición e ofrecemento de información; expresión da certeza, a dúbida, a vontade e o interese; formulación de suxestións e desexos. **B4.3**

#### 6.4. Módulo 4

- Comprende e interpreta textos procedentes dos medios de comunicación, tanto orais como escritos, diferenciando información de opinión e recoñecendo os principais tipos de textos de opinión. **B1.1/B2.4**
- Comprende e interpreta textos escritos da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial (currículo, carta de presentación, solicitude e carta de reclamación). **B2.2**
- Produce (en soporte impreso ou dixital) textos da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial (currículo, carta de presentación, solicitude e carta de reclamación). **B2.8**
- Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. **B3.4**
- Analiza e usa reflexivamente a puntuación en relación coa cohesión sintáctica. **B3.5**
- Identifica e usa de xeito reflexivo os conectores textuais máis comúns (en particular, os de causa, consecuencia, condición e hipótese). **B3.7**
- Adecúa o texto en función do contexto, do tema e do tipo de texto. **B3.9**
- Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia; e coñece a lexislación básica en materia de lingua. **B4.4**
- Recoñece e valora os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega; e identifica as interferencias habituais. **B4.8**
- Identifica, comprende e explica os distintos períodos e xeracións das literaturas galega e española dos séculos XX e XXI. **B5.1**
- Le de xeito autónomo (fóra da aula), como mínimo, un libro (adequado aos seus intereses) en lingua galega e outro en lingua castelá. **B5.2**
- Crea ou recrea textos de intención literaria, partindo das características dos textos traballados na aula. **B5.6**
- Na **lingua estranxeira**, comprende de xeito xeral textos sinxelos que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais; descrición de calidades físicas e abstractas; narración de acontecementos pasados puntuais e habituais; petición e ofrecemento de información; expresión da certeza, a dúbida, a vontade e o interese; formulación suxestións e desexos. **B1.3/B3.3**
- Na **lingua estranxeira**, produce mensaxes orais breves e sinxelas que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais; descrición de

calidades físicas e abstractas; narración de acontecementos pasados puntuais e habituais; petición e ofrecemento de información; expresión da certeza, a dúbida, a vontade e o interese; formulación suxestións e desexos. **B2.3**

- Na **lingua estranxeira**, produce textos escritos breves e sinxelos que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais; descrición de calidades físicas e abstractas; narración de acontecementos pasados puntuais e habituais; petición e ofrecemento de información; expresión da certeza, a dúbida, a vontade e o interese; formulación suxestións e desexos. **B4.3**
- Na **lingua estranxeira**, coñece e manexa, de xeito oral e escrito, léxico básico de uso común relativo á identificación persoal vivenda; fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. **B3.5/B4.5**

## 7. PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

• Con carácter xeral, a repartición da cualificación por materias establécese proporcionalmente á carga lectiva (tendo en conta que a lingua estranxeira non pode ter unha valoración superior ao 30%), quedando como segue:

- Módulos 1 e 2:
  - Lingua galega: 40% da cualificación global do ámbito.
  - Lingua española: 40% da cualificación global do ámbito.
  - Lingua estranxeira: 20% da cualificación global do ámbito.
- Módulos 3 e 4:
  - Lingua galega: 35% da cualificación global do ámbito.
  - Lingua española: 35% da cualificación global do ámbito.
  - Lingua estranxeira: 30% da cualificación global do ámbito.

MÓDULOS 1 e 2						
Lingua galega			Lingua castelá			Lingua estranxeira
Exames de lingua e literatura	Exame de lectura	Redacción	Exames de lingua e literatura	Exame de lectura	Redacción	Exames escritos e orais
20%	10%	10%	20%	10%	10%	20%
40%			40%			
<b>80%</b>						

MÓDULOS 3 e 4						
Lingua galega			Lingua castelá			Lingua estranxeira
Exames de lingua e literatura	Lectura	Redacción e exposición	Exames de lingua e literatura	Lectura	Redacción e exposición	Exames escritos e orais
21%	7%	7%	21%	7%	7%	30%
35%			35%			
<b>70%</b>						

## A) Ensino presencial

### MÓDULOS 1 e 2. LINGUA GALEGA, CASTELÁ E INGLESA

A nota da materia de Ámbito de Comunicación obterase a partir do emprego dos seguintes instrumentos de avaliación:

- Un exame en cada avaliación, que inclúe tres partes, unha para inglés, castelán e galego. O peso deste exame é de 60 % (repartido do seguinte modo: 25% para Lingua galega, 25% para Lingua castelá e 10% para Lingua estranxeira).

- En lingua galega e lingua castelá as faltas de expresión (ortográficas, gramaticais e de carácter léxico-semántico) poderán penalizar a cualificación global dos exames a razón de 0,1 cada dous erros, ata un máximo dun punto

- Unha proba escrita de comprobación das lecturas propostas, tanto en galego como en castelán. A devandita proba valorarase cun 10% da nota global da avaliación, enténdase 5% para galego e o mesmo para castelán.

- Sempre que o profesor ou profesora o considere oportuno, poderase bonificar a lectura de libros adicionais.

- As prácticas de aula contan 30%. Estes traballos prácticos consisten en redaccións, traducións ou intervencións orais máis ou menos planificadas, entre outros. Para a corrección e avaliación destas prácticas de aula utilizaranse rúbricas. Este 30%, repartiríase en 10% para inglés e a mesma porcentaxe para galego e castelán.

### MÓDULOS 3 e 4. LINGUA GALEGA E CASTELÁ

De maneira paralela en ambos os dous módulos correspondentes co final da ESA, utilizaremos os instrumentos que se recollen seguidamente para a obtención da cualificación final en cada unha das avaliacións. Nos parágrafos sucesivos tamén se indica o peso que se lles outorga a cada un dos procedementos e instrumentos de avaliación.

#### 1ª Avaliación:

A) Será avaliada a competencia comunicativa escrita activa mediante redaccións, unhas en lingua galega e outras en castelán, sobre temas propostos polo profesorado. A redacción poderá estar elaborada de maneira dixital. O peso que comporta para a nota final é de 10 % do total establecido para lingua galega e 10 %, para lingua castelá, en ambos os dous módulos, 3 e 4. En total, sería **20 %** a porcentaxe que se asigna ás redaccións<sup>1</sup>.

B) Avaliarase a lectura dun libro de lectura, en lingua galega e castelá, mediante un exame escrito baixo a forma de cuestionario. O valor do cuestionario é de 10 % do total do Ámbito para cada lingua nesta 1ª avaliación. En suma, o total asignado para a lectura será de **20%** (véxase a nota 1).

C) Para a avaliación dos contidos de educación literaria e de corrección lingüística imos empregar un exame en lingua galega e castelá cun peso de 60%. O que se corresponde co **30%** para cada lingua oficial (véxase a nota 1).

## 2ª Avaliación

A) Será avaliada a competencia comunicativa oral activa mediante unha ou varias exposicións orais, tanto en lingua galega coma en castelán, sobre temas propostos pola profesorado. O peso que comporta para a nota final é de 10 % do total establecido para lingua galega e 10 % do que se estipula para lingua castelá nos módulos 3 e 4. O total destinado á valoración das exposicións é de **20%**.

B) Nesta avaliación avaliarase a lectura dun libro de lectura, en lingua galega e castelá, recomendada, mediante un exame escrito so a forma de cuestionario. O valor do cuestionario é de 10% para cada unha das linguas. O total destinado á valoración da lectura do libro é de **20%**.

C) Para a avaliación dos contidos de educación literaria e de corrección lingüística imos empregar un exame en lingua galega e castelá cun peso de **60%** do total da avaliación para cada unha das linguas. Isto implica que o exame de cada lingua oficial representa 30%.

## Mecanismos de recuperación de lingua galega e castelá

En febreiro haberá unha data para a recuperación dos contidos da 1ª e 2ª avaliación que non foron aprobados con anterioridade.

## Redondeos da nota final

Para que a nota sexa redondeada ao número enteiro inmediatamente superior deberá sobrepasar ao anterior en cinco décimas.

Se for inferior ou igual a cinco décimas (0,5 puntos) tamén poderá redondearse en caso de que o alumno/a demostre que leu un libro de lectura adicional.

A lectura dun libro adicional implica o aumento de 0,5 puntos sobre a nota final de lingua galega e castelá.

## Outras cuestións relativas á avaliación dos módulos 3 e 4

---

<sup>1</sup> Pénsese que o total da porcentaxe sobre a que se está a valorar lingua galega e castelá é de 100% e que isto, á súa vez, representa 70% do total de Ámbito de Comunicación.

Se buscamos que o alumnado que cursa a ESA consiga desenvolverse de maneira equilibrada en cada unha das linguas que conforman o Ámbito de comunicación, é preciso establecer unha nota mínima esixible nas linguas da materia. Esa nota mínima mesmo podería chegar a evitar a posibilidade de que o alumnado se decante por unha delas en detrimento das outras. Por este motivo, esixirase un 4 en cada unha das linguas para poder levar a cabo a media das avaliacións.

#### Avaliación ordinaria

Realizarase mediante a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación, tendo en conta as tres linguas de Ámbito de Comunicación. Para o cálculo da media aritmética terase en conta a nota con decimais (non a que consta no Xade, que xa foi redondeada).

#### Avaliación extraordinaria

A nota da avaliación extraordinaria obterase mediante a superación dunha proba escrita no prazo correspondente para a súa realización.

### MÓDULOS 3 e 4. LINGUA INGLESA

#### **Procedementos para a avaliación inicial**

Realizaranse unha exploración oral ó inicio de cada unidade didáctica para avaliar os coñecementos previos necesarios, facendo, se fora necesario, un repaso de contidos de cursos anteriores.

#### **Procedementos e instrumentos para a avaliación**

Realizaranse ó longo do curso probas obxectivas para cada unha das unidades didácticas. Por outra banda, requiriranse redaccións con data asignada (Writing). Os instrumentos de avaliación serán unha rúbrica xeral para as redaccións.

#### **Sistemas e criterios de avaliación**

##### Criterios de cualificación por avaliación

- Faranse probas escritas obxectivas cada unidade didáctica (dúas en cada avaliación). A media aritmética destas probas na nota global do módulo será do 60%.
- Pediranse 'Writing' con temáticas diversas dentro de cada unidade (aproximadamente catro en cada avaliación). A media aritmética destas redaccións na nota global do módulo será do 40%.

##### Criterios de cualificación final

A nota final da avaliación será a suma das medias aritméticas das probas e redaccións.

Copiar nunha proba, suporá unha cualificación de cero na mesma.

Para ser avaliado positivamente ó final do módulo, o alumno ou alumna deberá ter unha cualificación igual ou superior a 5.

### Avaliación extraordinaria

O alumnado realizará unha proba escrita cunha valoración máxima de 10. Nesa proba incluíranse contidos das unidades que foron impartidas. Para superar esa proba a cualificación debe ser igual ou superior a 5.

### B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial. Aproveitarase o recurso da aula virtual para fornecer ao alumnado as nocións teóricas e tarefas para a adquisición de coñecementos. Asimesmo, o alumnado terá que entregar as tarefas encomendadas a través da aula virtual e realizará un ou dous exames de xeito telemático antes de rematar cada trimestre.

### C) Ensino non presencial

Seguiranse os mesmos criterios de cualificación ca no ensino presencial. O alumnado empregará a aula virtual de xeito sistemático para acceder aos contidos teóricos e prácticos e realizará as tarefas encomendadas. Asimesmo, realizará o alumnado as tarefas asignadas a través da aula virtual e realizará un ou dous exames de xeito telemático antes de rematar cada trimestre.

## LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

Os instrumentos de avaliación que se van empregar son os seguintes:

- PROBAS de comprobación de asimilación de contidos.
- TAREFAS, que poden ser escritas ou audiovisuais, para a revisión da expresión escrita e oral.
- CUESTIONARIOS de control de lecturas.

Para a entrega de tarefas e realización de probas e cuestionarios utilizaremos preferentemente a plataforma da AULA VIRTUAL.

A porcentaxe da nota de cada instrumento de avaliación é a mesma que a que foi atribuída para cada un dos Módulos no caso do ensino presencial.

Todas as tarefas e probas de avaliación están suxeitas a un prazo restrinxido e en caso de que non se entregue o traballo ou se realice a proba na hora e data establecida penalizarase como un NON PRESENTADO/A.

Para a presentación de tarefas os procedementos serán a creación dun texto en liña ou ben xeración un documento PDF (Competencia dixital). Para a realización de tarefas escritas deberá ser empregado o procesador de textos. Haberá penalizacións en caso de presentación de tarefas escritas mediante unha foto.

## LINGUA INGLESA

Empregaranse apuntamentos, vídeos explicativos e tarefas que o alumnado terá que entregar para que o profesorado vexa os seus avances nas explicacións e así resolver as posibles dúbidas que lle xurdan. No proceso ensinanza- aprendizaxe contarán con diversas canles para preguntar dúbidas (correo, aula virtual, grupo telemático para dúbidas, videoconferencias para dúbidas).

**Frases de uso da aula virtual do centro como eixo principal das actividades de ensinanza – aprendizaxe.** A aula virtual funcionará como depósito de contido e espazo no que realizar a entrega das actividades por parte do alumnado, e como lugar que facilita a comunicación a través dos foros.

Así mesmo, empregárase a ferramenta “Cisco Webex Meetings”, se for necesario, para levar a cabo actividades de formación a distancia no horario asignado, solucionar dúbidas, etc.

Nun contexto de non presencialidade as probas obxectivas serán substituídas por boletíns de traballo coa mesma proporción na nota global do módulo. Nese caso, todo o intercambio de datos será realizado por medio da aula virtual do centro.

## 8. METODOLOXÍA

Partindo dunha concepción predominantemente práctica da competencia comunicativa, os principios metodolóxicos xerais que se terán en conta son os que seguen:

- Secuenciación dos contidos que van do máis concreto ao máis xeral, do máis próximo ao máis afastado, das características e problemas do propio contorno aos de ámbito mundial, do propio contexto a outros contextos.
- Priorización dos aspectos máis básicos e instrumentais: ler, escribir, escoitar, falar, e contribuír progresivamente a desenvolver as capacidades intelectuais (observar, analizar, relacionar, sintetizar, clasificar, definir).
- Manexo da prensa e doutros medios de comunicación.
- Consideración dos principios da aprendizaxe significativa, a aprendizaxe por descuberta, o ritmo persoal do alumno, a metodoloxía activa...
- Procura da capacidade do alumnado para que sexa capaz de aprender a aprender e de aumentar o grao de autonomía persoal.
- Explicacións do profesor orientadas a establecer un marco xeral e uns principios básicos que os alumnos deben coñecer para traballar no tema de que se trate. Asemade, o docente guiará o traballo do alumnado no relativo ao manexo de información, deseño e resolución de problemas.
- Deseño de actividades individuais e en grupo, facilitando que cada alumno asuma unhas funcións que lle permitan acadar éxito ante os seus compañeiros.
- Información aos alumnos da tarefa a realizar, o “por que” e o “para que”, podendo incorporar suxestións á hora de afrontala, partindo das súas ideas previas para saber en que aspectos hai que incidir e detectar en que van a atopar maiores dificultades.
- Aplicación de dinámicas de traballo con grupos: mesas redondas, entrevistas colectivas, enquisas, chuvia de ideas, técnicas do bisbeo, role-playing e jigsaw ou técnica de crebacabezas.
- Pragmatismo no enfoque do ensino de lingua estranxeira, fomentando o aspecto conversacional.

## 9. MATERIAIS CURRICULARES

Tendo en conta que non se empregará libro de texto, os materiais didácticos de referencia serán material elaborado polo propio Departamento así coma os fornecidos a través da páxina web da Consellería de Educación: <http://www.edu.xunta.es/web/ea> Con todo, estes veranse complementados con outros recursos, que a continuación se relacionan:

- Material fotocopiable diverso (textos, gráficos, información gramatical, exercicios, etc.)  
Material bibliográfico:
  - Libros de lectura, fragmentos literarios, manuais, enciclopedias, dicionarios, anuarios, xornais e revistas. Neste senso, a utilización da biblioteca do instituto como centro de recursos é fundamental.
- Material audiovisual:
  - Presentacións, vídeos, gravacións sonoras de índole diversa (cancións, diálogos, etc.)
- Ferramentas informáticas e dixitais (“on line” e “off line”)

## 10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ACTIVIDADES DE REFORZO

Existirá un contacto permanente entre o profesor ou profesora do ámbito e o departamento de orientación co fin de detectar e atender casos de alumnado con problemas de aprendizaxe. Caso de non contar cun especialista de pedagogía terapéutica, será o profesor ou profesora do ámbito o encargado de velar polo progreso no proceso de aprendizaxe destes alumnos.

O alumnado dos módulos 2 e 4 que non superase o ámbito de comunicación na proba final de xaneiro nos módulos 1 e 3, respectivamente, asistirá ás clases dos módulos 2 e 4, non só como medio para optar ao aprobado no módulo en curso, senón tamén, e sobre todo, como reforzo para superar o ámbito pendente na proba extraordinaria de maio. A este respecto, cómpre salientar que o ámbito de comunicación dos módulos 2 e 4 non se considerará como superado sen ter aprobado dito ámbito nos módulos inmediatamente anteriores.

## 11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Un aspecto moi importante da LOMCE, e que figura entre os seus principios e fins, é a educación en valores, isto é, “A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación”.

Dende o noso ámbito contribuiremos a este fin, orientando o noso labor cara aos obxectivos e contidos que se expoñen a continuación.

### 11.1. Obxectivos

- Educar na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.

- Desenvolver, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.
- Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- Educar no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- Educar na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- Formar para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos.
- Propiciar condutas de respecto cara os seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- Apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a Humanidade

## 11.2. Contidos

- Respecto polas normas de comportamento que facilitan a convivencia en grupo.
- Coñecemento, respecto e uso das normas de cortesía que regulan o intercambio comunicativo,
- Rexeitamento dos xuízos precipitados baseados só nas aparencias, así como os estereotipos.
- Valoración positiva da amizade e o compañeirismo dentro e fóra da aula.
- Coñecemento dos dereitos e deberes dos alumnos como membros pertencentes á comunidade educativa.
- Sensibilización ante a necesidade de respectar os dereitos e deberes de todos os membros da unidade familiar.
- Valoración positiva da diversidade lingüística e cultural como un elemento enriquecedor da sociedade e das linguas como medio de expresión, como sinal de identidade dun pobo e como instrumento para coñecer outras xentes e culturas.
- Actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten diferentes tipos de prexuízos: lingüísticos, étnicos, sexistas, etc..
- Actitude crítica e rexeitamento das discriminacións baseadas no sexo, raza, crenzas, discapacidades... das persoas.
- Valoración positiva do esforzo persoal como medio de acadar as metas propostas.
- Recoñecemento da aportación das mulleres ao desenvolvemento do coñecemento humano.
- Sensibilización no respecto á natureza, ao medio ambiente e aos animais.

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Por mor da pandemia da Covid-19, e mentres as condicións sanitarias non melloren, non se prevé a realización de actividades extraescolares e complementarias no presente curso.

## 13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Ao final de cada cuadrimestre valorarse tanto o grao de cumprimento da propia programación como os resultados globais do alumnado, ademais do grao de satisfacción do profesorado coa mesma. De aquí extraeranse as propostas de modificación e mellora para a programación didáctica do vindeiro curso en canto á adecuación das actividades, secuenciación dos contidos, uso dos recursos, etc. Os resultados desta avaliación incluíranse na memoria final do curso.

Para facilitar ese labor, utilizaranse os indicadores que seguen:

### 13.1 INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro – Avaliación da programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
3. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
5. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento				
6. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
8. Adecuación das actividades propostas.				
9. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
10. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
11. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				

12. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
13. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
15. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
17. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
18. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
19. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
20. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
21. Contribución dende a materia ao plan de lectura do centro.				
22. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
Observacións:				

Ponteareas, 9 de outubro de 2021

Asdo.: Ana Belén Crespo Bastos